

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Santiago de Compostela

REUNIDOS

Don José López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

Don Francisco José Rabuñal Mosquera, en representación do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, con CIF número Q-1563003A, en calidade de decano, que asina de conformidade co disposto no artigo 78.2 do Estatuto xeral da avogacía española (Real decreto 135/2021, do 2 de marzo).

EXPOÑEN

Que ambas as institucións son conscientes da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia; que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua correspóndelle, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística



da Xunta de Galicia.

Que as partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Que o Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (en diante o Colexio de Avogados) é unha corporación de dereito público con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, que ten asignados, entre outros, como fins esenciais e de acordo co establecido no artigo 4 do seus estatutos, a ordenación do exercicio da profesión, a súa representación exclusiva, a formación profesional permanente dos avogados, a colaboración no funcionamento, promoción e mellora da Administración de xustiza e colaborar coa Administración pública no exercicio das súas funcións.

Que esta corporación, consciente da importancia de aplicar a normativa relativa á normalización lingüística, así como da responsabilidade que os colexios profesionais autonómicos teñen á hora de actuar como axentes para promover a lingua galega nos seus respectivos ámbitos profesionais, dende hai anos vén traballando no proceso de normalizar o idioma galego no eido da avogacía na súa área de actuación.

Que neste sentido manifesta a súa vontade de continuar colaborando coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para desenvolver durante o ano 2024 diversas actuacións destinadas a impulsar e mellorar o uso da lingua galega entre os profesionais colexiados e no funcionamento da propia entidade, coa finalidade de conseguir que a presenza do galego sexa cada vez maior na actividade xurídica no seu ámbito de actuación e nas súas relacións coa cidadanía.



Para tal fin, ambas as dúas partes asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, e o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela para conseguir que o idioma galego vaia sendo cada vez máis habitual nas actuacións do colectivo da avogacía galega perante a Administración de xustiza, de xeito que a todo cidadán se lle ofrezca a opción a ser atendido en galego e, se o desexa, que todas e cada unha das partes do proceso se desenvolvan nesta lingua.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a implantar a normalización lingüística no funcionamento do Colexio e no colectivo de profesionais afiliados, e facilitarlles o asesoramento e a información que precisen en materia xurídico- lingüística.

Segunda.- Obrigas do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galega, mediante a sinatura deste convenio o Colexio de Avogados comprométese a desenvolver en lingua galega as seguintes actuacións:

- . 1ª) Facilitar asesoramento lingüístico e terminolóxico ás persoas colexiadas e ao persoal laboral do Colexio.
- . 2ª) Fomentar o uso do galego na documentación, comunicación interna e externa, nas campañas, publicidade, material divulgativo do Colexio e dos seus colexiados e colexiadas.
- . 3ª) Editar en lingua galega a revista colexial Avogacía Compostelá. Publicación



periódica anual (núm. 24/2024). Incluír unha sección nesta revista dedicada á normalización lingüística, "Ao pé da letra", que conterá artigos de divulgación sobre a normalización do galego e/ou contidos de carácter formativo en relación coa linguaxe xurídica.

- 4ª) Realizar a décimo sétima edición da xornada "Xustiza e Lingua: reflexións para a normalización", na que intervirán relatores/as de relevancia neste eido. Xornada dirixida á avogacía, maxistratura, xudicatura, fiscalía, procuradoría, alumnado das escolas de práctica xurídica e persoas interesadas en xeral.
- 5ª) Publicar en galego a Guía Oficial 2024 do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.
- 6ª) Desenvolver as seguintes accións formativas: — Un curso sobre competencias en lingua galega para o exercicio da avogacía (75 horas), dirixido ao alumnado que está a cursar o Máster Universitario de Avogacía e aos colexiados e colexiadas do ICA Santiago (as prazas repartiranse ao 50 % entre ambos os ámbitos de destino). De ser o caso, este curso poderá ser homologado polo Curso medio de linguaxe xurídica galega. — Un seminario (10 horas), que tratará contidos específicos da linguaxe xurídica e incidirá na mellora da calidade lingüística dos e das profesionais da avogacía. Estas actividades contarán coa correspondente homologación oficial da SXPL.
- 7ª) Actualizar e manter en galego a páxina web do Colexio: www.icasantiago.org, a App ICA Santiago e as RRSS do ICA Santiago.
- 8ª) Manter o servizo de asesoramento lingüístico en liña, que conta coas seguintes áreas: asesoramento, dinamización e formación.

O Colexio encargárase de organizar, xestionar e executar todas as actividades incluídas neste convenio, así como de facilitar o persoal, infraestruturas e medios de que dispón para a súa execución.



Terceira.- Modificación do convenio / redistribución de cantidades entre diferentes actividades

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Cuarta.- Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a facilitarlle, cando sexa preciso, ao Colexio de Avogados o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Quinta.- Financiamento

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, contribuirá ao financiamento deste convenio cunha cantidade total de 19.000,00 €, con cargo á aplicación 43.02.151A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024. No anexo 1 desagregase a cantidade total do



convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terán carácter gratuito para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Sexta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A. O Colexio de Avogados poderá percibir a achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude que se establece na estipulación anterior do seguinte xeito: Mediante pagamentos parciais, na medida en que a entidade beneficiaria xustifique os gastos a conta da liquidación definitiva, ata o oitenta por cento do financiamento da achega. O importe do vinte por cento restante aboarase unha vez rematadas as actividades previstas no convenio, en todo caso, o 15 de decembro de 2024

como data límite para presentar a súa xustificación. Para percibir os mencionados pagamentos, o Colexio de Avogados queda exonerada de constituír garantía, de conformidade co artigo 65.4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para facer efectivos cada un dos pagamentos parciais, o Colexio de Avogados presentará telematicamente a seguinte documentación:

- Certificación do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante facturas.
- Para control das actividades que se prevén no convenio, entregarase un exemplar dos traballos que se publiquen.



- Ademais disto, antes de facer efectivo o 20% do pagamento final, o Colexio de Avogados presentará un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.

- Ficha resumo de execución do convenio (anexo I que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, diminuirase proporcionalmente.

Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade apoiada, de acordo co establecido no artigo 40.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación deste convenio. Antes de proceder á sinatura deste convenio e para cada un dos pagamentos, o Colexio de Avogados presentalle a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude unha declaración responsable asinada polo órgano competente de non ter contraídas débedas, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, así como de estar ao día das obrigas tributarias e ao corrente das obrigas sociais, de acordo co artigo 11 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 11 do Decreto 11/2009, do



8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei. Esta declaración poderá substituírse por:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia. Ademais disto, antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento final, o Colexio de Avogados presentara unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo fin, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. En caso de non ter ningunha axuda, deberase presentar unha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.

Así mesmo, o Colexio de Avogados deberá achegar unha declaración de que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desta lei, o Colexio de Avogados comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de mora



segundo o procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal e no artigo 77 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Colexio de Avogados procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. O Colexio de Avogados facilitará toda a información que lle sexa requerida pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sétima.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerarase causa específica de resolución deste convenio.

Oitava.- Imposibilidade de promover a concorrencia pública.

A Proposta de criterios e planificación dos convenios de colaboración a subscribir pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua con outras institucións e entidades de base asociativa ou fundacional e con universidades, públicas e privadas, para realizar actividades de dinamización lingüística no ámbito da promoción e difusión da lingua galega para o ano 2024, no seu apartado 7 dispón que, o que se persegue coa sinatura dos convenios é promover e fomentar a lingua e a cultura galegas coa finalidade de que estea presente en todos os ámbitos e sectores sociais e económicos da Comunidade Autónoma, garantindo que calquera cidadán



poida vivir plenamente en galego, establecendo entre as partes do convenio unha colaboración para levar a cabo unha serie de actuacións en resposta a obxectivos de interese social compartidos. A imposibilidade de promover a concorrència pública queda xustificada en razón ás características singulares e únicas das actividades a desenvolver polas diferentes entidades ao abeiro destes convenios, xa que, o seu obxecto responde á idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público e social e de coparticipación e coorganización na realización de actividades que serven como instrumento para a promoción da lingua e da cultura galegas.

Dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver no marco do convenio, soamente se poderán levar a cabo polo Colexio de Avogados de Santiago de Compostela como entidade social e corporativa galega que ten a representación exclusiva para a formación profesional permanente dos avogados e para colaborar coa administración pública no exercicio das súas funcións, polo que non resulta posible promover a concorrència pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Novena.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

De conformidade co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, esta axuda será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17



de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, outorgase consentimento para que se publiquen as axudas concedidas, nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

Por este motivo o texto definitivo que se asinará difire do texto visado no indicado. Non obstante, isto non ten relevancia xurídica e polo tanto, este centro xestor considera que non é necesario volver a remitilo á Asesoría Xurídica para novo visado.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Décima.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das dúas partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Décimo primeira.-Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data do seu asinamento ata o 30 de decembro



de 2024, agás que algunha das partes o resolva por escrito, cun mes de antelación, por incumprimento das obrigas que nel se recoñecen.

Abranguerá as accións obxecto do convenio que realice a entidade dende o 1 de xaneiro.

Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, pola desistencia dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décimo segunda.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua e dous representantes do Colexio de Avogados. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes da Secretaría Xeral da Lingua, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo terceira.- Causas de resolución

A extinción deste convenio poderá producirse:

- . Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus puntos.
- . Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

De se resolver este convenio por incumprimento do Colexio de Avogados, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pode, se é o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas para o seu financiamento.



Décimo cuarta.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos producidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo quinta.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo sexta.-Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público. As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



Décimo sétima.- Desagregación de datos por sexo.

En cumprimento do disposto na Lei 13/ 2021, de 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes, toda recollida de datos relativa ao convenio deberán incluír variables que posibiliten o coñecemento da diferente situación e os resultados en mulleres e homes separadamente. Esta cláusula será aplicable para o caso de que se realicen estatísticas e/ou estudos en desenvolvemento das actividades do convenio.

Décimo oitava.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo novena.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019),



que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Vixésima.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.



En proba de conformidade, as partes asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude e O decano do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela

José López Campos

Francisco José Rabuñal Mosquera



ANEXO I**ORZAMENTO DESAGREGADO POR ACTIVIDADES E TIPOLOXÍA DE GASTO**

Liñas de acción/actividades do convenio

Actividade/acción, descrición: **Servizo de Asesoramento Lingüístico e formación lingüística**

- 1ª) Tarefas de asesoramento e formación lingüística (gastos de persoal)

17.000 €

- Salario (%): 12.000 €

- Seg. Social (%): 5.000 €

- 2ª) Comunicación, prensa, redes sociais

500 €

TOTAL PARCIAL 17.500 €

Actividade/acción, descrición: **Publicación da Guía Colexial 2024**

- 1ª) Maquetar e imprimir

1.000 €

TOTAL PARCIAL 1.000 €

Actividade/acción, descrición: **Publicación da revista Avogacía Compostelá**

- 1ª) Maquetar e imprimir (versións electrónica e papel)

500 €

TOTAL PARCIAL 500€

TOTAL 19.000 €

